

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 01/03/2014.

Concelleiros presentes:

- D. Secundino García Casal.
- D. Manuel Varela Mecías.
- D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
- D. Jesús Manuel Soto Vivero.
- D^a María Amparo Calvo González.
- D^a Ana Belén Breijo Gundín.
- D^a María del Carmen García Pérez.
- D. Fernando Márquez Hermida.
- D. Plácido López Loureiro.
- D. Hipólito Díaz Silva.
- D^a Silvia Fernández Muiño.

Secretario:

- D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día primeiro de marzo de dous mil catorce, comparecen os Sres. Concelleiros deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a celebración da sesión ordinaria do Pleno do Concello oportunamente convocada polo Sr. Alcalde.

Iníciase seguidamente a deliberación dos asuntos de competencia do Pleno incluídos na Orde do Día da sesión, que son os seguintes:

PRIMEIRO. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día once de xaneiro do presente ano dous mil catorce. Pola Presidencia pregúntase ós Sres. membros da Corporación se teñen observacións ou propostas de modificación que formular en relación con esa acta. Non habéndoas, sométese seguidamente a votación a aprobación desa acta, e a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus once membros, acorda prestarlle a súa aprobación á mesma.

SEGUNDO. ACORDOS SOBRE POSTA A DISPOSICIÓN DA GARDA CIVIL DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS.

Dase conta da proposta da Alcaldía xa comunicada ós grupos políticos do pleno, de posta a disposición da Garda Civil dunha parte do edificio que agora alberga a Casa do Concello, indicada nos planos anexos á proposta. Explica o Sr. Soto que xa hai tempo que se ven tratando coa Garda Civil desta cesión, para mellorar as instalacións que

actualmente ocupa. Os termos desa cesión concretaríanse pola Alcaldía mediante negociacións coa correspondente Comandancia. Segundo informe de Secretaría incorporado ó expediente, é precisa a previa desafectación do uso e servizo público da Casa do Concello cando as dependencias do Concello sexan trasladadas á súa nova ubicación prevista, no Pazo da Marquesa; para adoptar ese acordo de desafectación é precisa a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación. O novo convenio deberá ser aprobado no seu momento polo Pleno do Concello.

O Sr. López Loureiro di que se alegra de que se formule esa proposta e de que a Garda Civil non deixe o concello, tal como xa dixo na comisión informativa.

O Sr. Márquez manifesta que lle parece positiva a proposta, que supón manter e mellorar un servizo co que conta San Sadurniño, e tamén considera positivo que o edificio da actual Casa do Concello teña un uso asignado, o que mellorará o seu mantemento.

O Sr. Alcalde interven brevemente para dicir que hai tempo que se ven negociando discretamente coa Garda Civil este asunto, que non hai que dar crédito a especulacións ou rumores sobre cambios de ubicación e que se considera que esta futura sede das dependencias da Garda Civil é adecuada para non concentrar servizos na zona do Pazo, na que funcionará a Casa do Concello. Amósase de acordo co Sr. Márquez na conveniencia de dar outro uso público ós edificios públicos que se desafectan e di que no seu momento determinarase a forma xurídica máis axeitada para o acordo que se negociará.

Sometido de seguido o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once concelleiros, acorda manifestar a intención de ceder parte da actual Casa do Concello á Garda Civil, facultando ó Sr. Alcalde para o inicio de negociacións para a sinatura dun convenio a tal finalidade, que poderá ser aprobado e asinado cando a actual Casa do Concello quede desafectada do seu uso, e autorizando o inicio do necesario expediente de desafectación tan pronto como sexa posible.

TERCEIRO. APROBACIÓN DE BASES DE BECAS PARA O ESTUDO 2014.

Dase conta da proposta de Bases reguladoras para a concesión de bolsas escolares e axudas para gastos derivados de servizos de conciliación da vida laboral e familiar para o ano 2014 formulada polo grupo de goberno, explicando o Sr. Soto algunhas pequenas modificacións puntuais de aspectos concretos da proposta respecto á do ano 2013.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Márquez di que nestes tempos de dificultades económicas, procedería facer un esforzo económico para ampliar as cantidades disponibles para estas axudas, ou incrementar as axudas para estudos coas cantidades que non se asignen a gastos derivados de servizos de conciliación da vida laboral e familiar. O Sr. Alcalde resposta que de ser posible, destinarían máis a esta finalidade, xa que a súa política é que ningún neno

quede sen estudos por falla de cartos, pero que no 2013 unha parte importante da consignación prevista quedou sen asignar, xa que existe un tope máximo de cantidade por solicitude, e que percentualmente, este é o Concello que máis cartos dedica a axudas para o estudo en toda Galicia. Indica ademáis que os casos especialmente sensibles desde o punto de vista social teñen tamén a posibilidade de recibir axudas de emerxencia social, que se financian con outra partida orzamentaria distinta.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar as bases de que se trata, ordeando a realización dos trámites precisos para a súa aplicación coa brevidade posible.

CUARTO. APROBACIÓN DE BASES DE SUBVENCIONS A ENTIDADES CULTURALS E DEPORTIVAS 2014.

Dase conta polo Sr. Soto da proposta de Bases da convocatoria de subvencions para a promoción do deporte e entidades deportivas 2014, iguais ás do ano 2013 con pequenas diferencias na puntuación das solicitudes, e polo Sr. Varela, da proposta de Bases da convocatoria para a concesión de subvencions a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da Cultura no ano 2014, que tamén son moi semellantes ás do ano anterior, con algunhas pequenas actualizacions que son explicadas detalladamente.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. López Loureiro interven para solicitar que se faga extensiva ós convenios con entidades a mellora de puntuación relativa ó mantemento de equipos femininos, especialmente no referido ó fútbol e ó voleibol, e o Sr. Soto resposta que os convenios son acordos entre o Concello e cada unha das entidades coas que se concertan, e que aínda non se solicitou neste exercicio a sinatura de ningún dos previstos por iniciativa do grupo de goberno no presuposto do Concello para 2014.

O Sr. Márquez amósase de acordo coa proposta e coas modificacións que se van incorporando cada ano para facilitar a xustificación das subvencions por parte dos seus destinatarios.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar as bases de que se trata, ordeando a realización dos trámites precisos para a súa aplicación coa brevidade posible.

QUINTO. APROBACIÓN DE NOVA NORMATIVA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Dase conta polo Sr. Soto da proposta de Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de San Sadurniño formulada polo grupo de goberno, que recolle as modificacións derivadas da normativa autonómica na materia, recentemente actualizada, en particular o Decreto 99/2012, de 16 de marzo, polo que se regulan os

servizos sociais comunitarios e a súa financiación e o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención a persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias na financiación do seu coste. Esta Ordenanza derrogará expresamente a Ordenanza Fiscal nº 17, reguladora do prezo público pola utilización do servizo de axuda no fogar, publicada no BOP nº 126 de 4 de xuño de 2009 e o Regulamento do servizo de axuda no fogar, publicado no BOP nº 252, do 26 de novembro de 2009, actualmente vixentes. Explica tamén o Sr. Soto a estrutura da norma, na que se recolle a exclusión da posibilidade de xestión externa, que se contemplaba no modelo da Xunta, e que esta reforma é obrigatoria en base ó establecido nos devanditos decretos, polo que a non adaptación da normativa municipal podería ter consecuencias negativas no referido á financiación dos servizos sociais.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Márquez di que a nova Ordenanza supón un incremento do custo do servizo, aínda que moi pequeno, polo que se absterá na votación.

O Sr. Soto di que a Xunta fixa o custe básico por hora en 12 euros, que os cadros de prezos da Ordenanza son os máis baixos posible e que esta é unha das causas polas que están en contra da regulación imposta pola Xunta rompendo coa autonomía local, e insiste en que non queda máis remedio que aceptar esta imposición para non perder financiación. A Sra. Muiño di que hai que tomar en consideración que a decisión que se adopte afectará a 50 usuarios directos do servizo, o que representa un total dunhas 150 persoas afectadas e a 18 persoas que traballan neste servizo, e que é preciso adoptar os acordos oportunos con responsabilidade e tratando de evitar o risco de perder a financiación para un servizo de tanta importancia, como ocorre cando se vota por imperativo legal.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de dez votos favorables, dos concelleiros do BNG e PP, cunha abstención, do do PSOE, acorda aprobar a Ordenanza de que se trata, ordeando a realización dos trámites precisos para a súa aplicación coa brevidade posible.

SEXTO. MODIFICACION DA ORDENANZA FISCAL Nº 20, REGULADORA DA TAXA POR TRAMITACIÓN DE DOCUMENTOS URBANÍSTICOS.

Dase conta polo Sr. Soto da proposta do grupo de goberno de modificación da Ordenanza fiscal nº 20, para a súa adaptación á situación producida pola entrada en vigor da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, especialmente no referente ás modificacións introducidas por ela na Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia no relativo á comunicación previa para a realización de moitas obras das que

anteriormente estaban sometidas a previa licenza. Trátase de engadir unha referencia expresa en varios artigos ás comunicacions previas e outras rectificacións de menor entidade, e da supresión do parágrafo 2º do artigo 9º, que resulta innecesario coa nova redacción.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. Márquez di que está conforme coas modificacións que se propoñen, aínda que non co contido da propia Ordenanza Fiscal que se modifica.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar as modificacións propostas para a Ordenanza Fiscal nº 20 do Concello, reguladora da Taxa por tramitación de documentos urbanísticos, ordeando a realización dos trámites precisos para a súa entrada en vigor coa brevidade posible.

SÉTIMO. APROBACIÓN DE REGULAMENTO DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA MUNICIPAL.

Dase conta polo Sr. Soto da proposta do grupo de goberno de Regulamento da administración electrónica do Concello de San Sadurniño. O texto do regulamento é moi similar ó modelo de ordenanza proposta pola Deputación, que xestionará a sede electrónica do Concello que dentro do mes de marzo se prevé que entre en funcionamento. O Sr. Alcalde di que as actuacións tendentes á implantación da administración electrónica no Concello complementaranse con actividades formativas que se organizarán pola aula CeMIT para acercar á poboación o uso das tecnoloxías necesarias para relacionarse coas administracións por esta nova vía.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por unanimidade dos seus once membros, acorda aprobar o Regulamento de que se trata, ordeando a realización dos trámites precisos para a súa entrada en vigor coa brevidade posible.

OITAVO. HABILITACIÓN Á ALCALDÍA PARA DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTE LEGAL EN PROCEDIMENTO XUDICIAL.

O Sr. Soto, resume brevemente os antecedentes do asunto: un préstamo solicitado polo PP sen finalidade concreta e co que se contratou un produto financeiro de alto risco semellante ás preferentes; no 2012 o BNG, sen coñecer a existencia dese contrato, acordou cancelar o préstamo, tras o que NCG Banco reclamou o cumprimento da SWAP, aínda que tamén ofreceu a posibilidade dunha cancelación anticipada conha redución do 75%, proposta que os informes xurídicos recabados desaconsellaban aceptar;

intentada a anulación en vía administrativa do acordo de sinatura desa SWAP, o Consello Consultivo de Galicia dictaminou en contra desa anulación.

Explica de seguido o Sr. Soto a proposta do seu grupo de que polo Pleno se acorde o exercicio de accións xudiciais de carácter civil en contra de NCG Banco, en relación co referido contrato suscrito con data do 01/06/07 entre este Concello e a entidade Caixa Galicia (hoxe, NCG Banco, S.A.) relativo á cobertura de tipos de xuro (SWAP) amparado no contrato marco nº 000000035922952, como complemento dun crédito a longo prazo por importe de 300.000 euros, indicando que hai informes xurídicos que apuntan á posibilidade de anular ese contrato e acadar o reintegro das cantidades aboadas hasta hoxe. Acordaríase tamén facultar ó Alcalde para designar representante legal a tal finalidade. A competencia para o exercicio de accións xudiciais está reservada ó Pleno polo artigo 22-2-j) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Ademais, facultarase ó Alcalde para a designación do avogado que exerza en nome do Concello estas accións.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. López Loureiro pregunta polos gastos que esto suporá para o Concello, e se o pago do avogado realizarase mediante minuta ou ben mediante unha percentaxe do que se devolva pola entidade bancaria. O Sr. Alcalde resposta que a cuestión agora non é esa, senon a designación dun representante legal, e que se negociará e se tratará de acadar as condicións máis vantaxosas para o Concello, engadindo que non se pode permitir que enganen ós cidadáns, e que no 2007 el non sabía o que era unha SWAP, pero xa votou en contra da súa contratación.

O Sr. Márquez di que se concertou un préstamo innecesario e ademais foi contratado un produto financeiro tóxico pola ignorancia dos que entón gobernaban, e que agora hai que resolver o problema da mellor maneira e co menor custe posible, polo que solicita que se trate de que o asunto repercuta o menos posible no presuposto do Concello.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Comisión, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres abstencións, dos do PP, acorda autorizar o exercicio de accións xudiciais civís en contra de NCG Banco, en relación co referido contrato suscrito con data do 01/06/07 entre este Concello e a entidade Caixa Galicia (hoxe, NCG Banco, S.A.) relativo á cobertura de tipos de xuro (SWAP) amparado no contrato marco nº 000000035922952 facultar ó Sr. Alcalde para a designación de representante legal a tal finalidade.

NOVENO. ACORDOS RELATIVOS Á PARTICIPACIÓN DO CONCELLO NO PLAN DTC 93.

Polo Sr. Soto dase conta do proxecto para a única obra cuxa inclusión no Plan propónse acordar, xa prevista con anterioridade pero para a que non había financiación, a de "Ensanche e aglomerado do camiño de Bidueda – O Chao de Campolabrado",

proxecto que cumpre co establecido nas bases do Plan DTC 93. O acordo adoptaríase no modelo incluído como anexo I nas bases do Plan, publicadas no BOP nº 5, do 09/01/14.

O asunto foi favorablemente dictaminado pola Comisión Informativa competente do Concello.

O Sr. López Loureiro pide máis previsión, porque nesa mesma pista xa se gastaron hai meses 15.000 euros de maneira innecesaria, visto que agora se fai esta proposta.

O Sr. Márquez lembra que no seu momento xa recomendou facer nesa pista un ancheamento e un aglomerado que permitise unha maior durabilidade, e que é preciso mellorar a coordinación e a previsión para evitar duplicar investimentos desta maneira.

O Sr. Soto di que o anteproxecto para esta actuación xa estaba redactado hai dous anos, o mesmo que pasa con outras previsións de investimento que no se poden realizar por falla de financiación. Trátase dunha obra que tamén se podería facer cun POS, pero entón tería que ser a única obra da correspondente anualidade e non se podería repartir o investimento por parroquias. Di tamén que a anterior actuación foi provisional e urxente e que nese momento non se sabía que se convocaría o Plan DTC 93, e que o que se gastou na reparación anterior non viña de fondos propios. Di tamén que se actuará contra a empresa que realizou a obra anterior de reparación que deu tan mal resultado. O Sr. Alcalde engade que non é obxecto de debate neste momento a execución da obra anterior, e que hai que considerar que o total dispoñible do Plan DTC 93 adicárase a investimento, cando podería destinarse unha parte importante a gasto corrente.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Comisión, por unanimidade dos seus once concelleiros, acorda:

1º) Participar no "Plan DTC 93 Unha deputación para todos os concellos" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada á seguinte finalidade:

A) Obras:

Denominación da obra	Orzamento total	Achega municipal	Achega provincial
Ensanche e aglomerado do camiño de Bidueda ó Chao de Campolabrado	149.310,43	153,37	149.157,06
TOTAL	149.310,43	153,37	149.157,06

Aprobar o correspondente proxecto técnico.

2º.- Declarar expresamente que non se considera procedente a formulación de plan complementario.

3º) Declarar que o concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

4º) Para o financiamento do importe da achega municipal, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito suficiente para o seu financiamento.

5º) Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento para o que se solicita a achega provincial; no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achegárase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6º) Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

DÉCIMO. MOCIÓN DO B.N.G. RELATIVA Á SUBA NA TRIBUTACIÓN DAS PERSOAS AUTÓNOMAS.

O Sr. Soto resume o contido da moción, rexistrada de entrada con data do 21/02/14 e que literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación económica para moitas persoas autónomas e titulares de PEMES é crítica. Sobre todo, persisten as dificultades para obter liquidez para a maior parte das empresas galegas (microempresas e pequenas empresas) para poder continuar realizando a súa actividade.

Esta situación vese agravada na actualidade pola política económica emprendida polo Goberno central, sobre todo por unha reestruturación financeira que non asegurou que os inxentes fondos públicos destinados ao apoio do saneamento da banca tivesen como destino final os sectores produtivos, e dun xeito máis concreto polas últimas decisións adoptadas relativas ao incremento dos custos sociais, a través do aumento das cotizacións para autónomos e autónomas.

Así, o Goberno vén de aprobar un considerábel incremento das cotizacións mínimas para as persoas autónomas que contan con 10 ou máis persoas empregadas no último ano así como as persoas traballadoras autónomas incluídas neste réxime especial ao amparo do que establece a DA 27ª do Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, que representa unha suba do 22%, case 60 euros ao mes. A consecuencia directa desta medida será afondar no estrangulamento económico ás persoas autónomas e a emprendedoras. Ademais, o efecto indirecto será a destrución de emprego neste tipo de unidades económicas ao forzar a que microempresas destas características contraten menos de 10 persoas.

Por outra banda, tamén se produce un incremento da base mínima para persoas autónomas, que é a cotización maioritaria en Galiza, que provocará un incremento de máis de 60 euros ao ano para as mesmas.

Estas medidas aplícanse sen ningún tipo de diálogo co sector, como critican as principais asociacións de persoas autónomas galegas e do Estado.

As implicacións desta suba das cotizacións serán a de dificultar a recuperación económica para persoas autónomas e pequenas empresas, mesmo contribuír a unha maior desaparición de pequenas empresas, mentres se limita a súa capacidade de xeración de emprego, principal problema económico en Galiza e no Estado.

Non ten sentido que se incrementen as cargas sobre estas unidades económicas mentres se aumentan as axudas a grandes empresas, ao mesmo tempo que se manteñen sobre elas enormes vantaxes fiscais que impiden ao Estado manter políticas económicas anticíclicas.

Estas mudanzas prodúcense co suposto obxectivo de facer viábel a Seguridade Social, que para o presente ano terá un déficit de máis de 10.000 millóns de euros. Neste contexto, o conxunto de reformas que gravarán con máis cargas ás persoas autónomas terán un impacto de menos de 1.000 millóns, polo que non contribuirá a resolver este problema ao mesmo tempo que provocará nefastas consecuencias para a maioría de empresas do tecido produtivo. Mesmo debemos resaltar que o citado déficit ten unha causa directa na acusada baixa de cotizacións por mor da redución salarial, impulsada polas políticas do Goberno, sobre todo desde a reforma laboral.

O mecanismo máis eficaz para a sustentabilidade da Seguridade Social pasa por unha reforma fiscal e políticas activas de emprego que reduzan a enorme taxa de paro, por asegurar o mantemento o nivel salarial de todos e todas as traballadoras, e non por incrementar as cotizacións aos segmentos máis vulnerábeis do tecido empresarial nun momento que atravesan serias dificultades económicas.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

- 1.- Demandar do Goberno do Estado a un posicionamento contrario a esta suba nas cotizacións para persoas autónomas e pequenas empresas.
- 2.- Demandar do Goberno do Estado aprobar as reformas legislativas necesarias de cara a promover unha reforma fiscal verdadeiramente progresiva, que grave ás grandes fortunas e grandes empresas, persiga a fraude fiscal e non incremente as cargas sobre as persoas autónomas e pequenas empresas.
- 3.- Pór en práctica políticas activas de emprego en Galiza, como mellor mecanismo para garantir a sustentabilidade da Seguridade Social, con especial incidencia nas políticas sobre a mocidade e as mulleres, os segmentos máis vulnerábeis para a obtención de emprego."

O Sr. López Loureiro da lectura á resposta do grupo do PP á moción de que se trata, que literalmente di:

"A reforma laboral contribuíu a frear o ritmo de destrución de emprego, proba delo é que a día de hoxe hai 100.000 parados menos que en 2013.

Para impulsar o crecemento do emprego, neste 2014 poñeranse en práctica unha serie de medidas clave:

- Simplificaranse o número dos contratos (de 42 a 4).
- O contrato de tempo parcial converterase nun medio de transición cara ao contrato indefinido e ademais se favorece a conciliación familiar (ampliase ata os 12 anos do menor).
- Aprobouse o "Plan Español de Implantación de Garantía Juvenil" da U.E., con 1.800 millóns entre 2014 e 2015.

Coa intención de impulsar a contratación estable e a tempo parcial adoptáronse unhas medidas urxentes co obxectivo de conseguir a sustentabilidade no sistema da Seguridade Social nas que:

1.- Se axustan as bases mínimas de cotización de autónomos con máis de 10 traballadores e autónomos societarios, equiparando a súa base mínima á dos traballadores do grupo 1 de cotización ao Réxime Xeral. Coa base anterior podería haber asalariados a cargo dun autónomo que cotizaran en maior contía que o seu xefe. Así mesmo, unha maior cotización por parte deste colectivo mellora as pensións futuras.

2.- Homoxeneiza a normativa reguladora das bases de cotización dos traballadores por conta allea coa relativa aos conceptos incluídos e excluídos a efectos do I.R.P.F. O traballador ten dereito a cotizar pola globalidade da retribución e eludir unha parte distorsiona o salario e repercute na protección social, non só da pensión futura, senón de calquera prestación. A incorporación destas retribucións, segundo a ministra, "fortalece o sistema de Seguridade Social e protexe aos traballadores, porque aumenta as súas bases de cotización e polo tanto, os seus dereitos presentes e futuros".

REFORMA FISCAL PARA PEMES E AUTÓNOMOS

O Presidente do Goberno anunciou que España está en condicións de iniciar o crecemento e baixar os impostos, aliviar as cargas das familias e axudar aos emprendedores. As Pemes, autónomos e emprendedores son clave na recuperación da economía e compartirán unha rebaixa de impostos co fin de axudar a crear emprego, así, en 2014 aplicaranse xa algunhas das rebaixas fiscais aprobadas que suporán unha redución dos impostos superior a 900 millóns de euros. Adicionalmente, no IVE, se permitirá atrasar o pago do imposto ata o cobro das facturas.

POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO PARA MULLERES

En todas as medidas e programas de políticas activas de emprego, as mulleres constitúen un dos colectivos prioritarios para o acceso ás mesmas.

En Galicia (con 5 puntos menos de paro feminino que a media española) o Goberno da Xunta mantivo a totalidade dos programas dirixidos á mellora da empregabilidade, prestando atención preferente a colectivos como o das mulleres.

POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO PARA MOZOS

Para a Xunta é prioridade absoluta loitar contra o desemprego xuvenil pese a estar seis puntos por debaixo da media estatal. Un dos principais eixos da Estratexia 2010-2013 foi

o de mellorar a empregabilidade dos mozos e mozas, para o que se destinaron neste período máis de 185 millóns de euros que beneficiaron 59.000 persoas.”

O Sr. Márquez sinala que parece que ambas propostas proceden de diferentes países, que a situación é preocupante pola redución do número de autónomos, a competencia con outros colectivos e as políticas relativas a ese sector, polo que non se pode incrementar a súa carga fiscal neste momento.

O Sr. Soto di que a resposta do PP non é acorde coa realidade e que é unha falacia falar de axustes cando se suben impostos, e o Sr. Alcalde di saber que o Sr. López Loureiro non coincide co que leu; O Sr. López Loureiro di que se trata da súa opinión. O Sr. Alcalde indica que o paro baixa soamente porque os parados e os xoves marchan ó estranxeiro e os inmigrantes volven ós seus países de orixe.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Comisión, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

UNDÉCIMO. MOCIÓN DO B.N.G. RELATIVA Á REFORMA LOCAL.

O Sr. Soto resume o contido da moción, rexistrada de entrada con data do 21/02/14 e que literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución de 1978 asumiu o modelo de organización territorial e institucional dos entes locais que fora deseñado desde o primeiro terzo do século XIX. Tanto nas súas orixes como na súa evolución posterior, a organización territorial local responde en gran medida a unha visión fondamente centralista do exercicio do poder, que é incompatíbel cun sistema institucional baseado na descentralización e repartición competencial entre o Estado español e as comunidades autónomas, dotadas con autonomía política e administrativa.

A paulatina consolidación do novo esquema de organización territorial con base nas comunidades autónomas constituídas obviou o debate sobre a utilidade da organización provincial e da Deputación como a súa institución representativa na maior parte do territorio do Estado español, desde a perspectiva da súa función política, da súa racionalidade e eficacia administrativa, así como da súa adecuación á realidade de cada territorio.

O desenvolvemento legal do réxime xurídico local consolidou un modelo provincial practicamente uniforme, que, no caso da Galiza, dificilmente tivo e ten encaixe coas institucións galegas, e mesmo, en moitas ocasións, implicou duplicidades e ineficiencias na actuación administrativa.

A persistencia do modelo provincial, nas actuais circunstancias de restrición de recursos económicos para atender políticas sociais básicas, tamén incide negativamente nunha

utilización máis racional dos recursos públicos, pois obriga a manter estruturas burocráticas cuxa acción apenas repercute na cidadanía, á vez que os concellos, como administracións máis próximas e responsábeis á hora de atenderen directamente os servizos básicos locais, afrontan cada vez máis dificultades económicas para sostelos.

A reforma local aprobada recentemente reforza ese modelo centralista e provincialista, asentando as deputacións como apéndices executores das políticas deseñadas desde o Goberno central, xa que no canto de acometer a revisión a fondo do modelo destas institucións provinciais, atribúelles máis competencias, para consolidar unha organización administrativa homoxénea en todo o Estado español. Deste xeito, vólvese a impedir definitivamente que desde Galiza se poida articular, en función da súa realidade territorial, un mapa institucional local galego propio.

A reforma local tamén supón un paso máis á hora de homologar a acción política no eido local e supeditala ao goberno central de quenda, xa que anula a capacidade política dos concellos para implantaren políticas autónomas, ao restrinxirles capacidade sobre moitos ámbitos de interese local, ao impor modelos de xestión privatizada de servizos locais a través das deputacións. Abocáos, en definitiva, a seren simples prolongacións executoras de políticas planificadas desde o Goberno central, no canto de seren axentes políticos con plena capacidade, e consonte a alternativa política e programática elixida pola veciñanza, nos asuntos de interese local.

Nestes momentos, cómpre oporse á reforma local, pois supón mesmo unha involución da autonomía local que se recollía na Constitución, aínda sendo ese modelo constitucional debedor dun modelo centralista que foi robustecido, pola vía regular na lexislación básica e sectorial, límites cada vez máis exiguos ás políticas propias dos concellos.

Alén diso, é tamén necesario abordar un proceso máis estratéxico, que implique a reforma constitucional do modelo de organización territorial provincial, ao ser a única vía para abordar unha racionalización administrativa coa que obter un aforro estrutural de gasto público con carácter improdutivo. Só desta maneira poderemos dotar de maior financiamento e recursos económicos os concellos, como institucións máis próximas á cidadanía e auténticas entidades representantes do interese local.

A través da presente moción preténdese, por unha banda, evitar a consumación da involución que supón a reforma local aprobada en 2013, dadas as consecuencias inmediatas que vai a ter, e por outra banda, comezar o proceso de reestruturación da organización territorial local, a partir da necesaria superación da actual delimitación provincial e das propias deputacións provinciais. O obxectivo é abandonar así, definitivamente, a herdanza dun modelo de organización territorial decimonónico, para dar paso á adecuación entre a implantación territorial e o seu correlato institucional.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.-Rexeitar a aprobación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, e iniciar a tramitación da formalización do conflito de defensa da autonomía local, consonte o disposto nos artigos 75 bis da Lei orgánica do 2/1979, do 3 outubro, do Tribunal Constitucional.

2.- Demandar o inicio dun proceso de reforma constitucional sobre o modelo de organización provincial e local do Estado español, con base nos seguintes criterios:

1. As estruturas territoriais básicas do Estado español serán os municipios e as comunidades autónomas.

2. Acometer o proceso de extinción das deputacións provinciais de réxime común, para dar paso a un novo mapa institucional deseñado a partir da realidade territorial de Galiza, baseado na articulación a través de concellos e comarcas.”

O Sr. López Loureiro da lectura á resposta do grupo do PP á moción de que se trata, que literalmente di:

“Somos conscientes, de que esta reforma e actualización quedou incompleta. Solicitamos que se aborde unha reforma da normativa autonómica que permita desenvolver ese marco e adaptalo á realidade de Galicia, corrixindo e mellorando aqueles aspectos que consideramos teñen marxe de mellora.

Coincidimos cos principais obxectivos da Lei;

- Clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades.
- Racionalizar a estrutura organizativa da Administración Local de acordo cos principios de eficiencia e equilibrio financeiro.
- Garantir un control financeiro e orzamentario máis rigoroso.

Ademais esta lei ten aspectos positivos para o municipalismo galego:

1. Permite a cesión dos gastos derivados das competencias educativas e sanitarias ás Comunidades Autónomas.

2. Delimita as competencias das Deputacións Provinciais, atribuíndolles principalmente a asistencia aos concellos con menores recursos.

3. Pon fin ó cofinanciamento de competencias autonómicas desde o ámbito local. Os servizos que se deleguen aos concellos levarán parello o 100% do financiamento para asumilos.

4. Homoxeiniza os salarios dos electos municipais en función de tramos de poboación.

5. Fomenta as fusións municipais voluntarias con mecanismos para mellorar o seu financiamento se dan ese paso.

6. Fortalece os controis internos e externos na xestión pública a través da figura do interventor.

7. Blinda as competencias dos concellos, permitíndolles prestar servizos, nin propios nin delegados, baixo a única condición de non por en risco a estabilidade presupostaria do concello.

Sen embargo, hai aspectos que consideramos que deben ser abordados na reforma da lei de administración local, como pode ser:

- Recoñecer un maior nivel competencial aos concellos.
- Un maior recoñecemento do papel que pode desenvolver a Xunta de Galicia en materia de asistencia e cooperación.

Os grupos municipais populares cremos que a reforma da Lei de Administración Local de Galicia é o marco axeitado para a mellora e a adaptación á realidade de Galicia da Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local. Polo tanto, non imos sumarnos a un conflito en defensa da autonomía local. O NOSO POSICIONAMENTO É SOLICITARLLE Á XUNTA QUE REFORME A NORMATIVA AUTONÓMICA E TEÑA EN CONTA AS PROPOSTAS DO MUNICIPALISMO GALEGO.”

O Sr. Márquez toma a palabra para manifestar o seu apoio á moción do BNG, indicando que é preciso reducir donde fai falta, eliminar as deputacións provinciais e reducir dunha maneira importante os cargos de confianza, coa finalidade de minorar o gasto do sector público, pero é preciso acadar un consenso político a tal finalidade.

O Sr. Soto di que é difícil consensuar entre distintas formacións políticas cando non hai acordo dentro de algunhas delas, como pasa co PSOE e co PP, e que neses partidos, moitos alcaldes son partidarios de extinguir as deputacións, pero os partidos non teñen interese por abordar o tema e iniciar a necesaria modificación da Constitución.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres abstencións, dos do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

DECIMOSEGUNDO. MOCIÓN SOBRE PROPOSICIÓN DE LEI POR I.L.P. DE MEDIDAS PARA A CREACIÓN DE EMPREGO EN GALIZA.

Dase conta da solicitude formulada pola Confederación Intersindical Galega, con data do 07/02/14, de participación no Pleno para expoñer as razóns dunha moción presentada con esa mesma data, relativa a unha proposta de lei a formular diante do Parlamento de Galicia por iniciativa lexislativa popular, de medidas para a creación de emprego en Galicia.

Visto o contido do artigo 57-3 do Regulamento orgánico e de funcionamento do Concello, o Sr. Alcalde autoriza ó representante desa Confederación Sr. Grandal Anca para que expoña a proposta durante cinco minutos. O Sr. Grandal Anca da lectura da moción de que se trata, que literalmente di:

“Exposición de motivos

Desde o inicio da crise, diferentes movementos sociais están a defender todo un conxunto de propostas alternativas, orientadas a unha saída favorábel á clase traballadora galega e feita desde unha perspectiva de defensa dos intereses nacionais de

Galiza, convencidos de que todas estas políticas de concentración e centralización da riqueza e do poder, aínda afonda moito máis no carácter colonial e periférico do noso país. Só desde alternativas feitas en función da nosa propia realidade social e económica, de reforzamento do noso autogoberno, da capacidade de decidir libremente en todas as materias, poderemos ofrecer alternativas que sirvan aos intereses das nosas clases traballadoras e que garantan un reparto equitativo da riqueza.

A central sindical Confederación Intersindical Galega (CIG) está a impulsar unha proposición de lei, por iniciativa legislativa popular, con máis de cen medidas para a creación de emprego en Galiza. Na súa exposición de motivos da proposición de lei (achégase anexada a proposición de lei) sinala o seguinte:

As medidas contidas nesta Lei axudarán a sentar as bases para un desenvolvemento económico e social máis sustentábel e suporían un aumento do emprego e unha mellora de dereitos sociais e da calidade de vida da maioría da poboación. A través doutra política fiscal, do incremento do gasto social e do investimento público, da creación de entidades financeiras públicas ao servizo da cidadanía e do noso tecido produtivo, de políticas que favorezan o emprego estábel, uns salarios dignos e postos de traballo en Galiza, contribuiremos a construír unha sociedade galega máis democrática, xusta, solidaria e humanizada, sustento da nosa identidade como pobo e piar da soberanía nacional á que aspiramos.

Outras vías son posíbeis e poden ser aplicadas. En primeiro lugar, a pesar de que a Xunta de Galiza e o Estado non poden utilizar a política monetaria, competencia exclusiva do Banco Central Europeo, si poden esixir que o dito banco compre débeda pública directamente aos Estados e CC.AA., así como usar a súa capacidade regulamentaria da actividade económica e os orzamentos públicos para tomar medidas extraordinarias en tempo de crise, xerando actividade económica directa en infraestruturas e servizos públicos, apoiando actividades económicas produtivas en sectores e unidades de produción directamente vinculadas á actividade económica e promovendo con capital público empresas en sectores estratéxicos da economía. É tempo de reivindicarmos a importancia social do público fronte ao privado, como forma de reactivar e incidir na orientación da economía en beneficio da maioría social e de garantir, en condicións dignas para toda a poboación, dereitos básicos como o ensino, a saúde, a enerxía, a pensión, a vivenda, o traballo ou a comunicación. Hai que rachar coas actuais políticas de recortes do investimento público, promovidas pola UE e o FMI, por non favoreceren a saída da crise, por seren contrarias á creación de emprego e por provocaren o empobrecemento e a exclusión social en amplos sectores da sociedade.

Galiza necesita autogobernarse, decidir sobre todo aquilo que precise para o seu libre desenvolvemento e para mellor defensa dos intereses da clase traballadora galega. Mantemos viva a reivindicación e a loita pola soberanía nacional porque consideramos que o actual marco xurídico, imposto pola Constitución e o Estatuto de Autonomía, é claramente insuficiente naquelas materias que máis afectan a traballadores e

traballadoras. A Xunta de Galiza ten que asumir un papel activo na reivindicación, non só de todas as transferencias pendentes de desenvolver, senón de todas aquelas necesarias para un desenvolvemento económico e social do país, propio, integral e autocentrado, particularmente a capacidade legislativa en materia de emprego, laboral, protección social, industrial, pesqueira, agraria, así como en política fiscal e financeira.

Galiza tivo tradicionalmente, e segue a ter, un grave problema para o seu desenvolvemento industrial e económico, que ten a ver coa relación de carácter colonial que mantén co Estado español, o que se transforma, por unha banda, en falta de competencias reais para definir o noso modelo económico, industrial e produtivo, e por outra, en que ese modelo sempre foi deseñado en función dos intereses de España e da oligarquía española e na actualidade en función dos intereses das grandes potencias económicas da UE e do seu capital financeiro. Isto implicou a existencia dun tecido industrial pouco desenvolvido, a presenza de moita industria de enclave, a destrución do noso sector primario e mesmo industrial en función de decisións tomadas polos gobernos españois ou pola UE, a apropiación por capital foráneo do noso excedente económico e un paro de carácter estrutural, maquillado na súa contía pola sangría da emigración.

Sectores como o naval, o agrogandeiro, o pesqueiro, o enerxético, o financeiro, etc., cun peso moi importante na nosa economía e básicos para o noso desenvolvemento económico e social, vense permanentemente limitados e reducidos no seu desenvolvemento como consecuencia de políticas do Goberno español e da UE, feitas desde a visión do centro do sistema e en función dos intereses dos estados e dos grupos económicos que controlan as políticas e as institucións europeas.

Nesta situación de crise, cunha forte caída do consumo e forte competencia exterior, é difícil que a iniciativa privada por si soa cree as condicións necesarias para saír desta, polo que lle corresponde ao sector público actuar como axente económico dinamizador. Cómpre, neste escenario, apostarmos firmemente por revitalizar o tecido produtivo e crear as condicións para xerar emprego, empezando por exixir do Goberno galego que rache coa súa política, de pasividade nuns casos e de complicidade noutros, diante da desfeita da base material do noso país, e non siga polo tanto contribuindo coa súa actitude a acentuar o carácter dependente de Galiza e o seu papel de reserva de man de obra barata e de fonte de materias primas e de recursos económicos para o capital financeiro español.

Polo demais, calquera acordo en materia económica e de emprego, ten que basearse nun marco que abandone o paradigma económico neoliberal e asentarse nun cambio estrutural que conduza á organización e desenvolvemento dunha economía baseada no traballo produtivo e o papel regulador e estabilizador do sector público, para asegurar un desenvolvemento sustentábel, así como un reparto equitativo e xusto da riqueza.

Por todos estes motivos, a CIG solicita do Pleno do Comité a adopción do seguinte Acordo

Primeiro.- Manifestar o apoio deste Pleno á proposición de lei de medidas para a creación de emprego en Galiza que está a impulsar por iniciativa legislativa popular a Confederación Intersindical Galega e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, portavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo.- Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular.”

O Sr. López Loureiro da lectura á resposta do grupo do PP á moción de que se trata, que literalmente di:

“En Galicia, as Iniciativas Legislativas Populares deben contar co apoio dos cidadáns recollendo sinaturas, de acordo cos trámites previstos na Lei de Iniciativa Legislativa Popular ante o Parlamento de Galicia, é dicir, NON son os plenos dos concellos os que deben adherirse a esta iniciativa legislativa. Por tanto, o Parlamento de Galicia sería o ámbito (tendo máis de 15.000 sinaturas) onde se debatería e decidiría esta proposición de lei.

É curioso que a CIG propoña unha serie de medidas para a creación de emprego, cando a súa forma de actuar nas mesas de diálogo social foi levantarse sen aportar ideas.

Non apoiaremos esta iniciativa porque a práctica totalidade das cuestións solicitadas:

- son competencia exclusiva do Estado ou vulneran normas básicas estatais.
- xa se está a implementar pola actual Xunta de Galicia.
- van na liña contraria da creación de emprego.

Sen valorar cada unha das medidas comentaremos algunha delas:

SOBERANÍA NACIONAL DE GALICIA

No noso grupo, igual que o 70% dos galegos, sentímonos tan españois como galegos e tan galegos como españois.

- No 2010, o PIB per cápita en Galicia era o 90 % do PIB español. Ese era o 94 %, é dicir, 4 puntos de capacidade de gasto.

- Galicia é a segunda comunidade con máis déficit para pagar as pensións e, loxicamente, a nós isto preocúpanos e por iso tamén estamos en contra do soberanismo.

- E en canto ao financiamento autonómico superamos a media grazas á redistribución que fai o sistema de financiamento.

POLÍTICA INDUSTRIAL E SECTORES PRODUCTIVOS

Galicia conta con empresas líderes e punteiras, como indica o Índice Xeral de Producción Industrial. Galicia subiu en 3,4%, na contra dos datos nacionais que son negativos.

Destacamos:

-No sector da automoción a produción incrementouse en máis dun 30% en comparación con 2012.

- O comercio, recibiu unha inxección económica de 125 millóns de euros nos últimos anos

- No naval, destacar que Pemex adxudicou os dous floteis comprometidos co presidente Feijóo (24 meses carga de traballo).
- O sector das novas tecnoloxías, conta con máis de 2.000 empresas, un 30% máis que en 2009.
- O sector lácteo é líder na produción de leite a nivel estatal, cun 55% das explotacións e ten o nivel máis alto de prezos dende 2008.
- Para o período 2014-2020, Galicia mantén o nivel dos fondos europeos da PAC que viña percibindo no período anterior.
- O sector da pesca e do marisqueo subiu o valor das exportacións un 4,1% e a produción en máis dun 5,4% dende 2012.

POLÍTICA LABORAL, DE EMPREGO E SOCIAL

Na área laboral, a Xunta ten unha folla de ruta marcada polo consenso e diálogo cos axentes sociais. Se tanto lles interesa o emprego, ¿por que se levantaron delas?.

Este goberno puxo en marcha os novos contratos de Formación Dual, destinados a mozos menores de 30 anos onde recibirán unha formación de calidade, vinculada a un certificado de profesionalidade acorde coas demandas do mercado.

Ademáis, para a Xunta é unha prioridade apoiar as fórmulas de emprendemento.

Tamén se levou a cabo a modernización do Servizo Público de Emprego, limitando os desprazamentos a aquelas xestións que requiran atención personalizada.

No Consello da Xunta deste pasado 20 de febreiro aprobouse o Plan de emprego xuvenil 2014-2015, dotado con 100 millóns de €, que beneficiará nos vindeiros 2 anos a máis de 95.000.

Por último, os orzamentos da Xunta para 2014 priorizan o gasto social: o gasto destinado a sanidade, educación e servizos sociais subirá ata preto do 80%, case 10 puntos máis que en 2009, polo que son as contas máis sociais da historia."

O Sr. Márquez pronúnciase a favor da moción da CIG, e di que é alarmante que 100.000 galegos tiveran que marchar en pouco tempo, e moitas persoas máis no resto de España. Di que na proposta prantéxanse ideas para ter en conta, xa que do que se trata é de sumar e non de restar.

O Sr. Soto interven de seguido para manifestar o seu agradecemento á CIG pola coherencia coa realidade da súa proposta, acaída ás necesidades reais do país, e o total acordo do grupo do BNG con esa proposta. Di que o Pleno é o lugar máis indicado para apoiar esta proposta e que o PP non sabe ou non quere poñer coto a esta situación, que a proposta está sobre a mesa e conta co apoio de gran parte do país.

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Comisión, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con tres votos contrarios, dos do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

Co permiso da Presidencia e sendo as trece horas e vinte minutos, abandona o salón de sesións a concelleira Sra. Fernández.

URXENCIA. Antes de pasar ó decimoterceiro e último punto da Orde do Día, rogos e preguntas, o Sr. Alcalde pregunta ós Sres. membros da Corporación, en cumprimento do sinalado nos artigos 91-4 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e 26-6 do Regulamento orgánico e de funcionamento do Concello, se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do Día da presente sesión.

O Sr. López Loureiro solicita a inclusión como urxente dunha “moción no día internacional da muller”, presentada no rexistro de documentos con data do 27/02/14, xustificando a urxencia no feito de que o día 8 de marzo celébrase o día internacional da muller, e dando lectura de seguido ó contido da moción.

O Sr. Márquez amosase de acordo co contido desa moción, da que se lle facilita copia.

O Sr. Soto di que na Comisión Informativa previa ó Pleno trasladaron ós grupos unha proposta de declaración institucional para consensuar, sobre a que non recibiron resposta, pero coa que o PP non está de acordo, e que non debatirán a moción sen contido do PP, porque non resposta ós problemas reais da muller a día de hoxe.

Sometida de seguido a votación ordinaria a urxencia da moción, a Corporación, por maioría de sete votos contrarios, dos concelleiros do BNG, con tres votos favorables, dos concelleiros presentes do PP e o do PSOE, acorda non considerar a moción urxente, polo que non se debatirá na presente sesión.

O Sr. Soto solicita de seguido a inclusión como urxente dunha “moción dun 8 de marzo pola derogación das leis contra as mulleres” non presentada con anterioridade, indicando que contén cuestións importantes para as mulleres, polo que non se pode evitar o seu debate.

Sometida de seguido a votación ordinaria a urxencia da moción, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e do PSOE con dous votos contrarios, dos concelleiros presentes do PP e o do PSOE, acorda considerar a moción urxente, polo que seguidamente se pasa ó seu debate.

URXENCIA. PRIMEIRO. MOCIÓN DO B.N.G DUN 8 DE MARZO POLA DERROGACIÓN DAS LEIS CONTRA AS MULLERES.

A concelleira Sra. Breijo interven para criticar a moción presentada polo PP decindo que non aporta nada positivo e que é mera propaganda, sen axudas para conciliación ou dependencia, con programas de apoio discriminatorios por estar xestionados por ordes relixiosas contrarias ó aborto, e sen medidas para evitar as

desigualdades salariais ou axudas a sufragar os gastos escolares ás familias. Seguidamente da lectura á moción presentada polo seu grupo, que literalmente di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A 8 de marzo non pode converterse nunha data de celebracións rituais e hipócritas, baleiras de contidos, en papeis mollados e fotos para a galería. O 8 de marzo, agora máis que nunca, é unha data en que tamén as institucións deben mostrar con clareza o seu compromiso co avance no recoñecemento dos dereitos das mulleres e de denuncia da involución que se está a producir en todos os ámbitos. É, pois, unha data importante para facer balance dos logros realizados polas mulleres para conseguiren a igualdade plena. A crise económica e os veloces cambios financeiros colleu as mulleres consolidando precariamente a súa entrada no mercado laboral. Ao mesmo tempo, estas mulleres loitaban polo recoñecemento nas institucións e proclamaban leis de igualdade, aínda que nunca esquecían que as tarefas do coidado seguían nas súas mans. Cansadas da tripla xornada viron como a cadea de coidado se desprazaba ás mulleres dos países pobres que, poñéndolle rostro feminino á inmigración, viñan facerse cargo de nenos/as e vellos/as. Nos seus países de orixe ficaban as súas nais coidando dos seus fillos e agardando os cartos para alimentaren toda a familia extensa.

Os discursos neoliberais actuais necesitan inocular un valor patriarcal como é o da ficticia protección da maternidade. Non o dereito a maternidade das mulleres nunha sociedade igualitaria, senón a protección da xestación dun ser carente de dereitos e, por tanto, necesitado de titorización. Esta ideoloxía acha un caldo de cultivo ideal nunha situación de desemprego xeneralizado. Os valores tradicionais da familia patriarcal están agochados nunha boa parte da sociedade e só cómpre sacalos a flote. A linguaxe do traballo escaso e a necesidade de que as mulleres continúen a facer as tarefas de coidado nun momento de recortes dos servizos públicos están presentes continuamente.

Esta incorporación das mulleres ao mercado laboral conseguiu, aínda que de forma precaria, unha autonomía persoal importante para estas. Non obstante, o traballo remunerado das mulleres tamén iluminou unha esfera opaca da vida, a referida ao coidado. O problema da conciliación da vida laboral e familiar entrou na axenda pública e só tivo unha abordaxe satisfactoria naqueles países que apostaron polos servizos públicos e a corresponsabilidade cos homes.

O goberno galego con Sr. Feijóo á cabeza decidiu eliminar a corresponsabilidade do seu ámbito de actuación, reducir os orzamentos en políticas de conciliación e adoptar medidas falsamente natalistas, como a aprobación da Lei de apoio á Familia e a Lei de apoio a muller embarazada.

Estas leis non avanzan no recoñecemento dos dereitos das mulleres nin no fomento da corresponsabilidade. Como tampouco o fixeron o Plan de apoio á muller embarazada 2012-2014 desenvolvido pola secretaria xeral de Igualdade ou o Plan de demografía de Galiza desenvolvido pola Consellaría de Traballo e Benestar. Pola contra, significan un retroceso nas políticas de igualdade dos últimos anos e un paso atrás importante na

escasa concienciación sobre o usos dos tempos acadada até este momento. De feito, como exemplo deste marco ideolóxico contrario aos dereitos das mulleres podemos sinalar a publicación da Guía de recursos, apoio e asistencia á maternidade por parte da Secretaría xeral de Igualdade. En primeiro lugar, sorprende que este tipo de publicacións procuren o seu espazo nunha Secretaría de Igualdade -que debería velar pola trnsversalidade de xénero-. En segundo lugar, omitir a paternidade é un claro nesgo ideolóxico do sexismo da normativa en materia de xestación que este goberno mantén, sostendo a idea de seren fillos e fillas as unha cuestión feminina. En terceiro lugar, a guía recolle as entidades sen ánimo de lucro con programas de apoio as mulleres xestantes de Galiza. En concreto 16 programas dos cales 11 son xestionados por ordes relixiosas e/ou grupos contrarios ao dereito ao aborto entre os que destacan Congregación Hijas del Divino Cielo, Congregación relixiosa Siervas de la Pasión-Hogar Santa Isabel, Betanía de Jesús Nazareno, HH.TT.FF. Rebaño de María, Red Madre Pontevedra, Red Madre Ourense, Red Madre Coruña, Caritas Diocesana ou Asociación de axuda á vida AYUVI. Estas entidades contrarias aos dereitos en igualdade das mulleres foron e son potenciadas desde o goberno de Feijóo baixo o discurso de apoio á maternidade ao mesmo tempo que se fan máis restritivos os requisitos da prestación económica de pagamento único por fillas e fillos menores de tres anos para o ano 2013, que se intaura o repago dos comedores escolares, que se limita o horario das escolas infantís públicas, que se amortizan as prazas de matrona, que non se substitúen os/as pediatras, que se elimina a gratuidade dos libros de texto...

Como podemos comprobar tantos as leis antes enunciadas como os plans e accións que emanaron destas eran un adianto da ideoloxía que o PP plasmaría posteriormente no Anteproxecto de lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada que realmente o que fai é penalizar as mulleres que exerzan o seu dereito á interrupción voluntaria do embarazo.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a

1.- Derrogar os seguintes textos legislativos por non dotaren de servizos nin recursos as mulleres que queren exercer o seu dereito á maternidade e por suporen un retroceso de décadas na igualdade.

- Lei de apoio a muller embarazada.

- Lei de apoio á familia e a convivencia de Galicia

2.- Mostrar o seu total rexitamento co Anteproxecto de lei orgánica para a protección da vida do concibido e dos dereitos da muller embarazada e dar traslado deste ao goberno do Estado exixindo a súa total retirada."

Sometido seguidamente o asunto a votación ordinaria, a Corporación, por maioría de oito votos favorables, dos concelleiros do BNG e o do PSOE, con dúas abstencións, dos concelleiros presentes do PP, acorda aprobar a moción de que se trata.

DECIMOTERCEIRO. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Márquez pregunta polo peche do espazo de ocio infantil Maragota e polas actuacións realizadas con ese motivo por parte do Concello, trasladando as consultas que lle fixeron algúns veciños.

O Sr. Alcalde explica que, tras o peche de Maragota, feito que considera negativo, algúns pais e nais dos nenos que acudían a ese centro solicitaron un espazo municipal mediante un escrito presentado o 16/12/13, visto que non era posible dar continuidade á actividade no mesmo local. Mediante Resolución da Alcaldía, que o Sr. Alcalde seguidamente le, cedese ós solicitantes o uso do salón de actos da Casa da Cultura para realizar actividades e xogos cos nenos, cunha serie de condicións, como que se cumprise a lexislación aplicable, se asumiran os gastos derivados desa utilización e a limpeza do local e non se utilizase para menores de dous anos, indicando tamén que o Concello non se faría responsable de posibles danos ou perxuizos.

Con data do 23/12/13 recibíuse por correo electrónico un escrito do Servizo de Inspección de Familia e Menores da Consellería de Traballo e Benestar, ó que tamén da lectura o Sr. Alcalde, solicitando información sobre o asunto, que foi respostada mediante outro correo do 26/12/13, no que se detallaban as condicións da cesión de uso realizada. Con esta mesma data, o Servizo de Inspección comunicou, mediante correo electrónico lido polo Sr. Alcalde, que as actividades mencionadas poden considerarse propias dun espazo infantil ou dunha ludoteca, considerados centros de servizos sociais e suxeitos ó réxime de autorización previa por parte da Consellería, e que a apertura dun destes centros sen a correspondente autorización administrativa considérase infracción grave en materia de servizos sociais. Tamén se solicitaba información detallada en relación coa actividade de que se trata, que debía remitirse no prazo de tres días.

Tras solicitar unha prórroga deste prazo, que se concedeu expresamente polo referido Servizo, o Sr. Alcalde respostou a esa solicitude de información cun extenso escrito, remitido tamén mediante correo electrónico con data do 03/01/14, que de seguido procede a ler e do que, como do resto dos documentos mencionados nesta resposta, queda copia no expediente da presente sesión plenaria. Nese escrito explicábanse detalladamente as razóns polas que se entende que o salón de actos da Casa da Cultura non é un centro dirixido á poboación infantil, nin tampouco unha ludoteca ou un espazo infantil, polo que non resulta de aplicación a normativa de servizos sociais, e non é esixible ningunha autorización por parte da Consellería de Traballo e Benestar para a realización das actividades de que se trata. Desde entón non se recibiu ningunha outra comunicación por parte desa Consellería. Engade o Sr. Alcalde que a Casa da Cultura segue a ter outros usos, xa que os cesionarios a deixan cando hai

outros actos programados, manifestando a súa opinión de que o Concello está para resolver os problemas dos veciños.

Pregunta de seguido o Sr. López Loureiro se as obras nas antigas escolas de Bardaos e Naraío están xa rematadas e se está decidido o seu destino, se van ser vendidas ou non.

O Sr. Alcalde resposta que esa pregunta xa foi formulada en sesións anteriores, que non vai respostar o mesmo en cada sesión e que a resposta é a mesma que xa consta na acta da anterior sesión plenaria.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as catorce horas e tres minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,